

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano 2008 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, BOE do 19 xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro, transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo, DOG do 8 de abril. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, DOG do 16 de agosto, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar adiante unha política de asistencia económica ao alumnado que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Un dos obxectivo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a promoción, desenvolvemento e mellora da calidade do sistema universitario de Galicia. Iso implica tamén apreciar e incentivar a excelencia académica dos seus estudantes como aposta de futuro do noso país.

Por todo isto e como recoñecemento ao esforzo, traballo e dedicación dos alumnos e alumnas que rematan os estudos universitarios cunha excelente traxectoria académica, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos ao alumnado universitario matriculado en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades galegas que rematen os estudos no curso académico 2007-2008, co obxectivo de facer un recoñecemento expreso da súa excelencia académica.

Estes premios son compatibles con outras bolsas e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estes premios con cargo á partida orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cunha contía global máxima de 189.000 €.

Non obstante, pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo a mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co disposto no artigo 31.2º alínea b, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Contía.*

Concederáselle un premio, en concorrencia competitiva e por cada unha das distintas titulacións impartidas no sistema universitario de Galicia, ao alumno ou alumna con mellor expediente académico de entre os que se inscriban mediante a instancia formulada segundo o modelo que se inclúe como anexo a esta orde.

Os solicitantes que resulten premiados recibirán:

-Unha contribución en metálico de 3.500 €, que estará suxeita ás retencións que legalmente corresponda.

-Un diploma acreditativo desta distinción.

Artigo 4º.-*Período.*

As actividades que se premian nesta convocatoria son os estudos rematados no curso académico 2007-2008, que para efectos desta orde se entenderá o período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008.

Artigo 5º.-*Requisitos.*

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Posuíren a nacionalidade española ou ser nacional dun dos estados membros da Unión Europea.

b) Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 2,7 puntos, para alumnos das áreas de ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e humanidades; e 2 puntos, para alumnos da área de ensinanza técnica. Nota media calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 21 de febreiro de 2005, entre a consellería e as universidades galegas.

c) Teren rematada a carreira no curso académico 2007-2008, nos termos que figuran no artigo 4º desta orde.

d) Naquelas titulacións para as que sexa necesario realizar o proxecto fin de carreira, será imprescindible que figure na certificación académica a data de avaliación do proxecto e o curso académico en que foi superado.

e) En ningún caso o 1º ciclo dunha titulación poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira dunha titulación de ciclo longo.

Artigo 6º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. A solicitude, segundo o modelo ED 415A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo interesado ou interesada e dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia-Subdirección Xeral de Universidades, presentárase no rexistro xeral da consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se a solicitude é remitida por correo, presentárase en Correos en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario antes de que proceda á súa certificación postal. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. Tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

3. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2008.

Artigo 7º.-*Documentación.*

As solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante.

b) Certificación académica persoal ou copia compulsada dela en que se fará constar a nota media simple do expediente académico, calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades galegas. Así mesmo, na certificación académica debe figurar que o alumno ten superadas todas as disciplinas para a obtención da titulación e realizado o pagamento dos dereitos de expedición do correspondente título oficial.

c) Breve currículo, en que se indique, se é o caso, os premios, bolsas etc., que lle fosen concedidos e outros méritos que queiran alegar, xunto coa documentación correspondente.

d) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado ou interesada, no cal conste o número de conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dígito de control.

Artigo 8º.-*Tramitación.*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, podendo ser consultadas, ademais, nas delegacións provinciais da citada consellería e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 23 de outubro deste ano. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 24 de outubro ao 5 de novembro, ambos os dous incluídos; poderán durante ese prazo poderán formular reclamación ou emendar erros e falta de documentación ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado/a desiste da súa petición, e procederase ao seu arquivo de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

Artigo 9º.-*Comisión avaliadora.*

A selección dos candidatos realizárasea unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente:

O titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, por delegación, a subdirectora xeral de Universidades.

Vogais:

O membro do equipo do goberno da Universidade da Coruña, responsable da materia.

O membro do equipo do goberno da Universidade de Santiago de Compostela, responsable da materia.

O membro do equipo do goberno da Universidade de Vigo, responsable da materia.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretaría:

Un funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 10º.-Selección.

A selección será realizada pola comisión avaliadora en atención á cualificación da media do expediente máis alta obtida polo alumno/a en cada unha das titulacións distintas implantadas no SUG. Esta cualificación farase tendo en conta a nota media simple calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, o 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo de 2005 mediante resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005.

En caso de empate na nota media do expediente académico entre varios solicitantes, a comisión avaliadora, para matizar a súa proposta, terá en conta o mellor currículo acreditado dos solicitantes. Naqueles casos en que a comisión o considere oportuno poderá propoñer a concesión de accésit (sen dotación económica), ou deixar o premio deserto.

Artigo 11º.-Resolución.

1. Efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta de adxudicación á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a resolución correspondente cunha relación de persoas premiadas por titulación e outra de solicitudes excluídas coas causas de exclusión.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 12º.-Pagamento.

O aboamento dos premios convocados nesta orde realizarase de acordo co estipulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Farase un

pagamento único do premio concedido, que se aboará na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión do premio comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, cando proceda.

A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1º K) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-A obtención do premio falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que impedirían a súa concesión constituirá causa determinante de revogación do premio e do seu reintegro polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO

PROCEDEMENTO PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA ALUMNOS E ALUMNAS UNIVERSITARIOS/AS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED415A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ACADÉMICOS

REMATOU OS ESTUDOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE		
UNIVERSIDADE	CURSO ACADÉMICO 200 / /	CONVOCATORIA

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

FOTOCOPIA DO DNI.

CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL OU COPIA COMPULSADA.

BREVE *CURRICULUM VITAE*, COA DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE.

DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA.

OBSERVACIÓNS

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa abaixo asinante fai unha declaración responsable de que non se atopa incursa en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se concocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano 2008 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA